

O movemento natural é a variación da poboación dun lugar por causas naturais, é dicir, como resultado dos nacementos e das defuncións. A diferenza entre a natalidade (número de nacementos) e a mortalidade (número de defuncións) orixina o crecemento natural ou vexetativo dunha poboación. O seu estudo realízase mediante diversas taxas, que se detallan no seguinte cadro:

Taxas de medición da natalidade		
A taxa de natalidade (TN) relaciona o número de nacementos nun ano coa poboación total e exprésase en tantos por mil.	A taxa de fecundidade (TF) relaciona o número de nacementos nun ano co número de mulleres en idade de ter fillos, e exprésase en tantos por mil.	O índice sintético de fecundidade indica a media de fillos por muller. Para que unha xeración se substitúa a si mesma necesítase unha media de 2,1 fillos por muller.
$TN = \frac{\text{Nº de nacementos} \times 1000}{\text{Poboación total}} \text{ ‰}$	$TF = \frac{\text{Nº de nacementos} \times 1000}{\text{Nº de mulleres entre 15 e 49 anos}} \text{ ‰}$	
▪ Alta: máis do 30 ‰	▪ Alta: máis de 150 ‰	▪ Alto: máis de 3,5
▪ Media: entre 30 ‰ - 20 ‰	▪ Media: 150 ‰ - 75 ‰	▪ Medio: 3,5 - 2,1
▪ Baixa: inferior a 20 ‰	▪ Baixa: menos de 75 ‰	▪ Baixo: 2 ou menos

Taxas de medición da mortalidade		
A taxa de mortalidade (TM) relaciona o número de defuncións nun ano coa poboación total e exprésase en tantos por mil.	A taxa de mortalidade infantil (TMI) relaciona o número de nenos falecidos antes de cumprir un ano co total de nados vivos ese ano, e exprésase en tantos por mil.	A esperanza de vida (EV) relaciona o número de anos vividos por todos os membros dunha poboación co número de individuos que a compoñen.
$TM = \frac{\text{Nº de defuncións} \times 1000}{\text{Poboación total}} \text{ ‰}$	$TMI = \frac{\text{Nº de falecidos menores dun ano} \times 1000}{\text{Nº de nacementos}} \text{ ‰}$	$EV = \frac{\text{Suma dos anos vividos polos membros dunha poboación}}{\text{Nº de individuos desa poboación}} =$ = media de anos vividos
▪ Alta: máis do 15 ‰	▪ Alta: máis de 50 ‰	▪ Alta: máis de 70
▪ Media: entre 15 ‰ - 10 ‰	▪ Media: 50 ‰ - 25 ‰	▪ Medio: 60 - 70
▪ Baixa: inferior a 10 ‰	▪ Baixa: menos de 25 ‰	▪ Baixo: menos de 60

Taxas de crecemento natural

Crecemento en cifras absolutas:

$$\text{CN} = \text{Total de nacementos} - \text{total de defuncións}$$

Crecemento en cifras relativas ou taxa de crecemento natural:

$$\text{TCN} = \text{Taxa de natalidade} - \text{taxa de mortalidade} = \text{‰}$$

- Alta: máis do 20 ‰
- Media: 20 ‰ - 10 ‰
- Baixa: 10 ‰ - 0 ‰
- Negativa: menos do 0 ‰

O crecemento natural dunha poboación resulta do balance entre os nacementos e as defuncións